# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
# CURSO 22-23

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

IES RIBEIRA DO LOURO



Xefe de Departamento: Francisco Losada Briamonte

Mail: flbriamonte@edu.xunta.gal

# ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN ... 3
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ... 4
3. OBXECTIVOS ... 6
4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS ... 9
5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ... 12
6. MATERIAIS DIDÁCTICOS ... 24
7. AVALIACIÓN ... 25
8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE ... 32
9. VALORES ÉTICOS ... 36
10. FILOSOFÍA 4º DA ESO ... 44
11. HISTORIA DA FILOSOFÍA ... 47
12. DINAMIZACIÓN DO CENTRO ... 58

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A programación do Departamento de Filosofía vai dirixida ao alumnado do centro IES Ribeira do Louro situado no concello de Porriño, rúa Ribeira no Polígono de Torneiros III. Trátase dun alumnado de características socioloxicamente urbanas, pero con notorias diferenzas socioeconómicas. A maior parte do alumnado deste centro coñece pouco ou case nada o territorio galego.

Con respecto ao académico, o alumnado, que non presenta excesivos problemas de comportamento, si os presenta, agás excepcións, en relación coa súa formación, polo que cómpre ter en conta o elevado número de alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo que requiren medidas de atención á diversidade.

Neste curso 2022-2023 a este Departamento correspóndenlle as seguintes materias e grupos:

2º ESO – Valores éticos – 3 grupos
3º ESO – Valores éticos – 3 grupos
4º ESO – Valores éticos – 2 grupos
4º ESO – Filosofía - 1 grupo.
1º Bacharelato – Filosofía – 1 grupo.
2º Bacharelato – Historia da Filosofía – 1 grupo.

Todas as materias do Departamento de Filosofía van ser impartidas polo profesor e Xefe do Departamento D. Francisco Losada Briamonte. Pero debemos engadir que haberá unha hora de Valores éticos en 2º da ESO que será impartida por Pablo Sobral Arosa, profesor do Departamento de Xeografía e Historia.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Como se define no D 86/2015, as competencias clave son o conxunto integrado de capacidades que ten que desenvolver o noso alumando para poder acadar a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de forma satisfactoria e ser capaz de desenvolver un aprendizaxe permanente ó

longo da vida. Funcionan como unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para conseguir unha acción eficaz. Relacionanse entre si e cos restantes elementos curriculares, que actúan como descritores das mesmas dentro dunha materia determinada, particularmente cos criterios de avaliación e concreción destes en estándares de aprendizaxe, que ó ser avaliados nos permitirán establecer o perfil competencial do alumnado.

As competencias contribúen á maduración do saber, saber facer, saber ser, e saber estar e, dende a LOE, o Bacharelato é considerado como a etapa de consolidación das competencias adquiridas dende a primaria ata a Universidade. A LOMCE propón o un modelo de currículum baseado en **sete competencias clave**, segundo se recolle na Orde EDC 65/2015: **CCEC**-Conciencia e expresións culturais; **CSC**-Competencias sociais e cívicas; **CCL**-Comunicación lingüística; **CMCCT**-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; **CD**-Competencia dixital; **CAA**-Aprender a aprender; **CSIEE**-sentido de iniciativa e espírito emprendedor. De xeito sintético indicamos a continuación como as materias do Departamento de Filosofía contribúen ó desenvolvemento de cada unha delas.

***Comunicación Lingüística*** A comprensión e a produción, tanto oral como escrita, serán potenciadas mediante a adquisición dun vocabulario especializado, a análise e emprego de múltiples ideas e estruturas argumentativas incidindo na expresión clara e ordeada.

***Aprender a aprender*** Será preciso desenvolver aspectos técnicos do estudo, como, por exemplo, sintetizar e deseñar mapas mentais que propiciarán a adquisición de autonomía e capacidade adaptativa ás distintas situacións que se poden dar no ámbito académico.

***Competencias sociais e cívicas*** Motivarase a reflexión sobre os ámbitos público e privado e fomentaranse actitudes activas e comprometidas cos mesmos. Ademais, a tolerancia e o diálogo serán a base dos acordos acadados e das intervencións orais e escritas.

***Competencia dixital*** Deberanse manexar fontes e ferramentas dixitais facendo un uso responsable e crítico de información manexada. Ademais, adquiriranse técnicas e hábitos necesarios na sociedade actual realizando tarefas en soporte dixital e empregando a aula virtual.

***Conciencia e expresións culturais*** Fomentarase a sensibilidade respecto ás manifestacións artístico-culturais de xeito universal. O proceso de ensinanza-aprendizaxe construirase dende a interculturalidade como fonte de riqueza persoal, promovendo o respecto cara ao patrimonio cultural como froito do traballo conxunto entre xéneros.

***Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor*** Fomentarase o afán de superación, a autonomía e a cooperación través de actividades individuais ou en grupo, como debates, que ensinen a valorar as achegas doutros compañeiros, a aceptar posibles erros, a non renderse ante as dificultades e a asumir responsabilidades.

***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*** Abordar problemas filosóficos require análise lóxico-dedutiva, o que potenciará a capacidade de abstracción e dotará ó alumnado dunha visión crítica e integral da tecnociencia, establecendo vínculos con aspectos humanistas, como a ética ou a estética.

## 3. OBXECTIVOS XERAS DE ETAPA E OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

Os obxectivos son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior. A continuación recollemos os obxectivos curriculares da etapa de Bacharelato que aparecen recollidos no artigo 33 da LOMCE, artigo 25 do RD 1105/2014, e a nivel autonómico no artigo 26 do D 86/2015.

a) Asumir reponsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comuns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo, e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Foratalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os perxuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacíficamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espíritu emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con correción, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio limgüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mentemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingue, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.

Unha vez indicados cales os **obxectivos xerais**, debemos indicar que a esta proposta se basea en sete **obxectivos específicos**, que atenden òs aspectos máis significativos dos curriculares para que sexan avaliables nas nosas materias. Son os seguintes:

**1.** Recoñecer e comprender o significado e a transcendencia das cuestións que ocuparon permanentemente á filosofía, situándoas adecuadamente no contexto de cada época, entendendo a súa vinculación con outras manifestacións da

actividade humana e valorando a capacidade de reflexión persoal e colectiva para achegarse a problemas filosóficos, éticos, sociais e humanísticos.

**2.** Ler de modo comprensivo e crítico textos filosóficos de distintos autores, comparalos e valorar a importancia do diálogo racional como medio de aproximación á verdade.

**3.** Desenvolver e consolidar unha actitude crítica ante opinións contrapostas a partir da comprensión da relación que se dá entre teorías e correntes filosóficas que se sucederon ó longo da historia, analizando as semellanzas e diferenzas no modo de presentar os problemas e solucións propostas.

**4.** Coñecer e valorar diversos métodos de coñecemento e investigación para construír un método persoal de elaboración de coñecemento e de autoaprendizaxe, baseado no rigor intelectual na análise dos problemas, a libre expresión das ideas e o diálogo racional fronte a toda forma de dogmatismo.

**5.** Expoñer correctamente, de modo oral e escrito, o pensamento filosófico d@s autor@s estudad@s e tomar conciencia de que un punto de vista persoal e coherente só pode acadarse a través da análise e a comprensión das ideas máis relevantes do noso acervo cultural, aínda das máis dispares e antagónicas.

**6.** Apreciar a capacidade da razón para regular a acción humana individual e colectiva a través do coñecemento e análise das principais teorías éticas e das diversas teorías da sociedade, o Estado e a cidadanía elaboradas ó longo da historia, e consolidar a propia competencia social e cidadá como resultado dos compromisos cívicos asumidos a partir da reflexión ética.

**7.** Enxuizar criticamente as conceptualizacións de carácter excluínte ou discriminatorio que formaron parte do discurso filosófico, como o antropocentrismo, o etnocentrismo ou outras.

## 4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

***Aspectos xerais.*** Co obxectivo de espertar o interese do alumnado pola materia, a metodoloxía debe estar dirixida á súa motivación e ser activa e participativa. As pautas de acción serán:

**1)** Partir da **competencia inicial** do alumnado considerando os seus coñecementos previos.

**2)** Favorecer a adquisición de **aprendizaxes significativos** en virtude da conexión de novos contidos con eses coñecementos previos. Terán especial importancia as actividades de síntese ao final de cada unidade, as cales favorecerán unha memorización comprensiva.

**3)** Traballar na consecución de **aprendizaxes funcionais** froito da relación entre contidos e contexto do alumnado. Isto lévanos a ter en conta a diversidade, respectando diversos ritmos e estilos de aprendizaxe. Asemade, débese manter un enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas, favorecendo a posta en práctica das competencias de xeito integrado e holístico. Consecuentemente, será habitual o uso das TICs, a análise de documentos en múltiples formatos.

**4)** Fomentar a **aprendizaxe autónoma**, de xeito que o que aprendido faculte ao alumnado para desenvolverse por si mesmo no manexo das distintas ferramentas. Isto determina o papel docente, que se axustará á figura de mediador e guía.

***Estratexias metodolóxicas.*** Para acadar os obxectivos propostos, as clases desenvolveranse de acordo ás seguintes actividades de ensino-aprendizaxe:

**1)** Iniciaranse as unidade  revisando contidos tratados valorando, mediante preguntas orais e materiais guía, o nivel de **coñecementos previos** do alumnado.

**2)** Tódalas unidades comezarán cunha exposición da **contextualización** que facilite a explicación e a adquisición dos contidos. Asemade, ó inicio de cada sesión procederase a unha **recapitulación** dos contidos previos e, ó rematar a sesión, un **resumo** do traballado.

**3)** Concluída a exposición, realizarase unha **actividade de desenvolvemento** (comentario de texto, webquest ou debate) para fixar os contidos esenciais e establecer relacións co traballado.

**4)** Na última sesión realizarase unha **actividade de síntese** para a revisión dos contidos.

5) Os **recursos TIC** serán ferramentas sempre presentes en cada UD na posta en común dos comentarios que se fagan na aula e que o alumnado terá que enviar á **wiki da aula virtual** do grupo para facer aportacións á realización do modelo final de comentario de texto. Tamén serán unha constante nos **traballos de investigación** facilitando o acceso a fontes documentais e nas **webquest**.

Tendo en conta as directrices que acabamos de indicar, establecemos a seguinte tipoloxía e organización das sesións, na que recollemos a secuencialización e temporalización en cada Unidade Didáctica das distintas materias coas correspondentes actividades de inicio, desenvolvemente e síntese:

| TIPO E ORGANIZACIÓN | DURACIÓN |
|---|---|
| **1.SESIÓN INICIAL(Primeira sesión de cada UD)** | **50’** |
| **1.1. Actividade grupo-clase sobre preconceptos** | **10’** |
| **1.2. Explicación de contidos** | **25’** |
| **1.3. Actividade grupo-clase de introdución. Elementos contextuais** | **15’** |
| **2.SESIÓNS DE DESENVOLVEMENTO (Sesións intermedias)** | **50’** |
| **2.1.Actividade grupo-clase. Recordo sesión anterior** | **5’** |
| **2.2.Explicación de contidos** | **25’** |
| **2.3.Actividade. Comentario de Texto Filosófico** | **20’** |
| **3.SESIÓN DE SÍNTESE(Última sesión de cada UD)** | **50’** |
| **3.1.Actividade grupo-clase. Recordo de contidos. Comprensión** | **10’** |
| **3.2.Proxeción TICs.Recurso multimedia.Seleción e actividade alumnado** | **25’** |
| **3.3. Actividade de Síntese. Construción esquema ou cadro sinótico (web).** | **15’** |

***Concreción de temas transversais.*** Nas nosas materias os contidos transversais aparecen reiteradamente no desenvolvemento dos propios contidos ó longo de tódalas sesións polo que non nos parece necesaria unha programación específica destes temas.

Dito isto, si que nos parece axeitada a aproximación a estes temas desde a actualidade polo que na medida do posible empregarase a información que de cotío aparece nos medios de comunicación de masas sobre estes temas.

## 5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Esta programación didáctica responde ás demandas de atención á diversidade recollidas no Artigo 7 do **DECRETO 86/2015** para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (**ACNEAE**) que precise dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais (**ACNEE**), por dificultades específicas de aprendizaxe (**DEA**), trastorno por déficit de atención e hiperactividade (**TDAH**), polas súas altas capacidades intelectuais (**ALCAIN**), por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar (**ECOPHE**).

Debense establecer medidas ordinarias e extraordinarias que garantan ó alumnado acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa, principalmente no relativo ás condicións de realización das avaliacións, que se deben axustar aos principios de **normalización e inclusión**, e á intervención educativa precisa derivada desa valoración.

Para garantir esta atención proponse unha estrutura tripartita de todas as sesións, na liña do xa indicado, conforme a cal sempre se realizarán **actividades de inicio, de desenvolvemento e de síntese** dentro da propia sesión. Deste xeito daremos maior cobertura á diversidade do alumnado para que poida ser avaliado, sendo de especial importancia para isto as actividades de síntese, actuando como **actividades de afianzamento ou de ampliación**, segundo os casos.

### 5.1. EQUIDADE: ASECTOS XERAIS E NORMATIVOS

O fomento da equidade na aula baséase no convencemento da necesidade de tratar de acadar o nivel máis apto para cada alumno, tendo en conta a diversidade de intereses, expectativas e necesidades do alumnado, inmerso nos cambios que experimenta a sociedade. En función destes parámetros teremos que tomar unha serie de medidas, que contemplen a diversidade no proceso de ensinanza-aprendizaxe para dar unha resposta diferenciada e garantir a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa, a flexibilidade e a non discriminación.

## 5.2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

Para que o alumnado poda superar os estándares e as competencias e garantir o proceso de equidade tomaremos unha serie de medidas que serán principalmente de carácter metodolóxico e non afectarán aos obxecitvos e contidos esenciais do currículo. Difrenciamos entre: unas medidas ordinaras de carácter xeral e organizativas – aplicables ao conxunto do alumnado, orientadas a facilitar o seu progreso e ritmo adecuado e motivalos –, e medidas extraordinarias, - neste curso interésannos especialmente os casos de TDAH e dislexia.

En todo caso, é preciso partir das medidas da atención á diversidade xa recollidas no Proxecto Educativo de Centro, e nas valoracións e informes previos de cursos anteriores por parte do Equipo de Orientación. Así, tras levar a cabo a avaliación inicial, informaremos ao Departamento de Orientación sobre o nivel e situación do alumnado de respecto da asignatura, e estaremos en contacto permanente.

Entre as **medidas ordinarias**, que non implican alteración significativa dos obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, difrenciamos unas medidas ordinarias de carácter xeral orientadas ao grupo: utilizando unha metodoloxía diversa, con diferentes soportes e propoñendo variedades nos itinerarios e recursos (por exemplo con lecturas variadas, diferentes tipos de materiais e actividades que se adapten ao estilo de aprendizaxe, adaptándonos como docentes aos diferentes ritmos, orientando o estudo ou mantendo unha

actitude motivadora e positiva. Para o alumnado que requira de apoio porque non logre seguir o ritmo, ou ben presente unha maior capacidade e requira de ampliación, tomaremos medidas ordinarias de carácter específico.

**Medidas específicas de apoio educativo:** a través dunha secuenciación de traballo máis lenta, ou de actividades específicas de consolidación, trataremos de que acaden os obxectivos. En cada unidade, nos anexos, se detallan as actividades de reforzo, que xeralmente consisten en exercicio de síntese, esquemas ou extraccións de características xerais. Se lles poden facilitar resumos, e reforzar os hábitos de estudo en coordinación co departamento de orientación e as familias. No caso concreto do alumnado repetidor, empregaremos a avaliación inicial e unha entrevista persoal para tratar de detectar as razóns do seu baixo rendemento no curso anterior a fin de adecuar o enfoque. Se fose necesario, se valoraría o seguemento titorizado por un compañeiro ou compañeira, favorecendo o aprendizaxe entre pares. Estes elementos serán tamén considerados para a elaboración do Plan de seguemento de pendentes.

Rescpecto ás medidas específicas de ampliación, dirixidas a todo o alumnado que presente máis "input", se lle facilitarán actividades de ampliación que permitan acceder a novos contidos e poñeer en práctica procedementos de traballo máis complexos, mediante lecturas especializadas, documentos fonte que requiran un maior grado de comprensión e se lle dará a opción de adoptar o rol de coordinación en debate. Nos traballos de investigación potenciarase unha maior interdisciplinariedade e complexidade. Se temos casos de alumnado con problemas de acceso a recursos, acudiremos ao servizo de préstamo do centro.

As medidas extraordinarias están destinadas ao alumnado ACNEAE e que requiren polas súas características individuais dun tratamento personalizado, afectando á nosa metodoloxía, que deberá adaptarse. Estas labores realizaranse de maneira coordinada co Departamento de Orientación do centro e atendendo ás recomendacións do informe psicopedagóxico.

## 5.3. CONCRECIÓNS PARA DISLEXIA

| CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS XERAIS PARA HF. ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: CASOS DE DISLEXIA. |
|---|
| **AULA E TAREFAS:** |
| 1. Asegurarnos que houbo unha boa comprensión antes de comezar calquera tarefa, se fose preciso, dividiranse, variarase o formato e repetiranse as explicacións ata acadar a comprensión<br>2. Dar a coñecer as datas de entrega de traballos e probas con antelación<br>3. Permitir máis tempo á hora de realizar as tarefas ou reducir a cantidade<br>4. Respectar a decisión do alumnado á hora da lectura en voz alta<br>5. As tarefas e as lecturas deben estar adaptadas na cantidade e na forma ao seu nivel lector<br>6. Potenciar unha metodoloxía multisensorial traballando as competencias co apoio de recursos audiovisuais<br>7. Planificar algunha tarefa ou actividade na que destaque<br>8. Escribir los puntos clave y las palabras nuevas al principio de la clase, para ayudarle a seguir las explicaciones<br>10. Proporcionar con antelación el material escrito necesario para seguir la clase<br>11. Presentación redactada dos enunciados das tarefas para evitar a copia ou o dictado<br>12. Permitir o poder escribir, subliñar ou debuxar nos materiais de traballo<br>13. Permitir e fomentar o uso do diccionario e das TICs para facilitar o manexo de aplicacións informáticas específicas, tales como lectores ou corretores ortográficos<br>14. Permitir a elección do tipo de papel (cadros, raias, en branco…)<br>15. Permitir a elección de letra ligada ou maiúsculas<br>16. Permitir levar a cabo tarefas a nivel oral, con mapas mentais, esquemas ou programas informáticos<br>17. Colocar o alumnado onde poda recibir a maior cantidade de información de forma correcta e o profesorado poda comprobar que esa información se interpreta de forma adecuada<br>18. Proporcionar instruccciones, tanto orales como escritas, claras, escuetas y secuenciadas en pasos |

| PROBAS ESCRITAS: |
|---|
| 1. Evitarase a coincidencia de dous exames na mesma data.<br>2. A tipografía debe ser clara e o espazamento un pouco maior do habitual<br>3. O profesorado debe ler en voz alta as preguntas antes do comezo da proba<br>4. Terase en conta a posibilidade de proporcionar máis tempo para levala a cabo, que sexa máis curta ou poder contestar alguna das preguntas de forma oral<br>5. Considerarase o uso das tics, se o alumnado domina a escritura con teclado<br>6. Permitirase o uso do corrector ortográfico de darse o case anterior<br>7. As preguntas deben ser o máis precisas posibles<br>8. Permitirase utilizar goma de borrar ou outros tipos de correctores<br>9. Cerciorarse de que as preguntas non contestadas, non se deben a unha dificultade atencional. 10. Entregar o exame xa escrito (evitar o dictado das preguntas)<br>11. Considerar o emprego de varios formatos de preguntas e respostas<br>12. Nas preguntas, resaltar en negrita, a palabra clave<br>13. Non formular dúas preguntas nun enunciado<br>15. Deixar un espazo en branco, debaixo de cada pregunta para poder responder, sen ter que estar a virar todo o tempo a folla, ou empregar so unha carilla por folla<br>16. Permitir elexir o papel a utilizar<br>17. Permitir o uso de letra ligada ou maiúscula<br>18. Poder complementar a resposta con algún debuxo ou esquema<br>19. Ter en conta o material alternativo (caderno, proxecto, traballos, exposicións orais)<br>16. Usar unha tipoloxía que defina ben cada letra e un tamaño (12 o 14) e espazamento (1,5 o 2) que facilite a súa lectura<br>17. É aconsellable que o fondo do texto sexa en color crema o pastel suave, para evitar que resulte deslumbrante<br>18. Facilitar, con suficiente antelación, toda a información necesaria sobre el modelo de proba, estructura, forma de complementalo, etc.<br>19. Evitar dobles negaciones en el planteamiento de las preguntas |
| **SEGUEMENTO:** |

| |
|---|
| 1. As adaptacións non significativas deberanse por en marcha en todas as materias (aínda que non se suspenda) e non esperar ao fracaso<br>2. Evitar a corrección en vermello<br>3. Evitar a corrección sistemática de todas as faltas de ortografía<br>4. Avaliar todas as tarefas e probas en función do contido<br>5. Prestar unha atención permanente ao desenvolvemento emocional del alumnado<br>6. Comentar co alumnado os recursos que lle van axudando e resultando útiles, valorando as melloras que vai tendo e correxindo os posibles erros<br>7. Verificar que ten todo o material e as notas necesarias para o estudo<br>8. Correxir e comentar persoalmente as súas producións, usando exemplos de forma reiterada.<br>9. Mantener o mesmo nivel de esixencia que ao resto do alumnado. O que deben ser distintos son os procedementos ou os os tempos, entre outros.<br>10. Prestar axuda na revisión de tódalas respostas nas probas ou tarefas escritas<br>11. Familia (comunicación co docente), Titoría e docente de HF |
| **GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS:** |
| a. **A nivel do alumnado**. Día a día debe analizarse co alumnado con dislexia e/ou outras dificultades específicas do aprendizaxe o proceso seguido nas tarefas, a planificación do seu traballo, a aplicación das orientacións facilitadas e as melloras que son posibles. Eso permite, o axuste constante da intervención e, por outro, un incremento do autocontrol y do auto-coñecemento, aspectos todos favorecedores del meta-aprendizaje<br>b. **A nivel de equipo docente.** 1) Relevancia da proba escrita ou oral da avaliación inicial (aconsellable sempre na primeira semana de clase); 2) Avaliación precisa para decisión e ordeación das actuacións; 3) Comunicación ao Departamento de HF e Orientación para traslado da observación á titoría (coordinación profesorado docente do grupo); 4) Seguimento preciso individualizado con informe sobre dificultade na consecución de obxectivos na materia de HF; 5) Avaliación precisa de dificultades segmentadas na comprensión, argumentación, na escrita ou oral, afectación do ruído interno e externo da aula, do movimiento na aula, do |

| |
|---|
| movimento do docente e compañeiros, etc. 6) Posibles melloras técnicas ou nova ordeación das concrecións metodolóxicas de HF |

## 5.4. CONCRECIÓN PARA TDAH

| CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS XERAIS PARA HF. ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: CASOS DE TDAH |
|---|
| **AULA E TAREFAS:** |
| 1. Alternancia de actividades teóricas e prácticas<br>2. Deixar espazo suficiente entre cada tarefa e dentro dunha tarefa entre cuestións.<br>3. Antes de comezar. Explicacións breves, claras e precisas dos obxectivos e ferramentas<br>4. Estratexias de entonación e xesticulación (profesorado)<br>5. Segmentación dos textos filosóficos (Máximo 5 liñas). Sempre a liña en espazo dobre.<br>6. Separación entre conceptos e suliñado. Nunca unha exposición textual a doble columna.<br>7. Supervisión frecuente na comprensión conceptual con reforzos positivos<br>8. Explicación individual e seguimento preciso nos Textos filosóficos e Traballos de Investigación<br>9. Recondución positiva de posibles distracións<br>10. Reforzos e apoios visuais nas explicacións<br>11. Non sobrecarga de tarefas para a casa<br>12. Flexibilización de tempos evitando rupturas espaciales significativas na realización |
| **PROBAS ESCRITAS:** |
| 1. Utilización de diferentes formas e instrumentos (texto, subida do texto á wiki,e traballo de investigación en contextos de tranquilidade)<br>2. Posibilidade de exames orais<br>3. No caso de escritos adaptación con cuestións curtas, pechadas e de duración flexible |

| |
|---|
| 4. Á hora das influencias e repercusións posibilidade de empregar flechas ou esquemas de resumo<br>5. Especial importancia da actividade dos cadros sinópticos<br>6. Pedir revisión dos exames antes de entregalo facendo visión ocular por pérdida documental<br>7. En casos é aconsellable exame en folio tamaño A3 que permita unha mellor segmentación dos textos |
| **SEGUEMENTO:** |
| 1. Familia (comunicación co docente), Titoría e docente de HF<br>2. Seguimento continuo da materia<br>3. Aconsellable soportes de classroom educativo, ou aula virtual, de interación alumnado-profesor<br>4. Seguimento da comprensión e realización nas tarefas de clase<br>5. Seguimento da posta en común dos textos nas wikis e webquest |
| **GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS:** |
| a. **A nivel do alumnado**. Día a día debe analizarse co alumnado con dislexia e/ou outras dificultades específicas do aprendizaxe o proceso seguido nas tarefas, a planificación do seu traballo, a aplicación das orientacións facilitadas e as melloras que son posibles. Eso permite, o axuste constante da intervención e, por outro, un incremento do autocontrol y do auto-coñecemento, aspectos todos favorecedores del meta-aprendizaje.<br>b. **A nivel de equipo docente.** 1) Relevancia da proba escrita ou oral da avaliación inicial (aconsellable sempre na primeira semana de clase); 2) Avaliación precisa para decisión e ordeación das actuacións; 3) Comunicación ao Departamento de HF e Orientación para traslado da observación á titoría (coordinación profesorado docente do grupo); 4) Seguimento preciso individualizado con informe sobre dificultade na consecución de obxectivos na materia de HF; 5) Avaliación precisa de dificultades segmentadas na comprensión, argumentación, na escrita ou oral, afectación do ruído interno e externo da aula, do movimiento na aula, do movimento do docente e compañeiros, etc. 6) Posibles melloras técnicas ou nova ordeación das concrecións metodolóxicas de HF. |

## 5.5. MODELO DE PROBA ESCRITA ADAPTADa

**Plantilla de comentario de texto adaptado para Historia da Filosofía e extrapolable ás demáis materias do departamento:**

Dislexia

Conforme ás indiacións presentes no Protocolo para a intervención Psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas do aprendizaxe, máis as indicacións recollidas na nosa prantilla de comentario de texto, confeccionamos a seguinte prantilla de CTF adataptada para o desenvolvemento da actividade de comentario de texto.

*A partir da lectura do texto 2 fonte de Kant, relaciona o explicado coas ideas do filósofo. Para facelo podes apoiarte nas prantillas de comentario de texto que podes atopar na aula virtual ou na Guía do alumno.*

Así pois, asemade enfastiados do **dogmatismo** que nada nos ensina e máis do **escepticismo** que nada nos promete, nin tan sequera o retiro nunha lícita ignorancia; requiridos pola importancia do necesario coñecemento, e desconfiados, pola nosa longa **experiencia**, verbo de todos aqueles coñecementos que coidamos posuír, ou daqueles que se nos ofrecen baixo o título da **razón pura**, o único que nos queda é unha **pregunta crítica**, consonte a cuxa resposta podemos no futuro dispoñer o noso proceder: É **posible**, en xeral, a **metafísica**? Esta pregunta, non obstante, non ha de ser respondida con obxeccións escépticas fronte a unha **metafísica existente** (pois agora non damos por boa a ningunha), senón a partir do concepto puramente problemático dunha tal **ciencia**.

I. KANT; Prolegómenos a toda metafísica futura que poida presentarse como ciencia.

**1º Parte:**

**1. TEMA DO TEXTO:**

**2. VIDA DO AUTOR:**

**3. OBRA DO AUTOR:**

**4. CONTEXTO HISTÓRICO:**

## 5. CONTEXTO FILOSÓFICO:

## 2º Parte:

## 6. ANALISE DETIDO DO TEMA:

## 7. EXPLICACIÓN DE CONCEPTOS QUE APARECEN NO TEXTO:

## 8. RELACIÓN ENTRE TEMA E CONCEPTOS DO TEXTO

## 9. RELACIÓN ENTRE CONTIDOS DO TEXTO E O PENSAMENTO DO AUTOR.

## 10. ANÁLISE DAS INFLUENCIAS RECIBIDAS DE PENSADORES PRECEDENTES.

## 11. NFLUENCIA DO PENSAMENTO DO AUTOR NA HISTORIA DA FILOSOFÍA

**3º Parte:**

**12. PENSAMENTO PROPIO DO/A ALUMNO/A**

## 6. MATERIAIS DIDÁCTICOS

A Selección de recursos e materiais para cada unidade didáctica das distintas materias estará baseada nos seguintes criterios:

**1)** adecuación ao tipo de actividades

**2)** accesibilidade aos mesmos

**3)** finalidade e características da materia

**4)** presenza de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo

**5)** polivalencia

Con carácter xeral, destacamos os seguintes:

**Apuntamentos:** o proceso de ensinanza-aprendizaxe terá como referencia os contidos recollidos nos apuntamentos e complementos didácticos de ditos contidos. Este curso 22-23 non se empregarán manuais específícos nas materias do departamento, senón que se lle fará chegar ó alumnado o material a través da aula virtual ou do servizo de reprografía do centro.

**Audiovisuais**: Nas unidades didácticas está previsto o uso de mass media que actúen como elementos motivadores e documentos de traballo.

**Medios informáticos:** Os computadores na aula de informática serán unha ferramenta útil para o alumnado no acceso xestión dos materiais documentais na aula virtual.

# 7. AVALIACIÓN

## 7.1. ASPECTOS NORMATIVOS E CURRICULARES

Por avaliación entendemos a recollida sistemática e obxectiva de información do proceso de ensino-aprendizaxe, encamiñada á súa mellora. Serviranos tamén para detectar as problemáticas e revisar o plantexamento da propia programación.

De acordo co artigo 36 da LOE-LOMCE **a avaliación deberá ser continuada, diferenciada, integradora e formativa,** establecendo ao efecto medidas necesarias para adaptarse ao alumnado con necesidades educativas.

**Para avaliar partimos dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe** que os concretan, tal e como se indica a nivel autonómico no Título II, Capítulo III do D 86/2015, que servirán de referentes para comprobar o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos que o alumnado debe acadar. Os criterios de avaliación *son os referentes para valorar o grao de consecución dos obxectivos que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias* (art.2 RD 1105/2014). O estándares de aprendizaxe son *especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe concretando o que o estudante debe ser (...) deben ser observables, medibles e avaliables.*

## 7.2.PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Para que a avaliación sexa **continua, formativa e integradora** diferenciamos os seguintes **procedementos** comúns a tódalas materias do departamento:

### 1. Avaliación inicial.

Con **carácter obrigatorio**, realizarase unha proba de avaliación inicial para comprobar o dominio das competencias por parte do alumnado, a cal se realizará na **primeira semana de curso**. **Terá un carácter cualitativo e non se ponderará.**

Esta proba **non terá peso na cualificación** do alumnado, pero obteremos información respectiva ao nivel competencial dos distintos grupos avaliados e facilitaranos a detección de necesidades individuais e colectivas que poderían materializarse en adaptacións metodolóxicas e de recursos.

A comunicación coas familias do alumnado optimizará aínda máis o proceso de ensinanza-aprendizaxe, polo que se realizará tanto a petición das propias familias, en horario de atención ás familias, como  a través da titoría, dentro do horario oficial de cada titoría de grupo.

### 2. Avaliación ordinaria.

Unha avaliación continua e formativa consiste **no seguemento diario** da aprendizaxe do alumno observando os seus progresos e dificultades mediante a **recollida de información de forma continua**, a partir das distintas actividades e probas. Deste xeito será posible observar o grao de desenvolvemento competencial e o ritmo de aprendizaxe de cada un dos alumnos e alumnas.

### 3. Avaliación final ou sumativa.

Trátase do **resultado** de todo o proceso de aprendizaxe.

### 4. Avaliación extraordinaria (xuño)

Prevese a posibilidade dunha proba extraordinaria de recuperación en **xuño** para quen **non lograse o aprobado na convocatoria ordinaria**. A esta proba poderá presentarse tamén o **alumnado que perdera o dereito a avaliación continua**.

### 5. Avaliación de pendentes

A Programación recolle a necesidade de elaborar un plan de seguimento individualizado do alumnado que non superase algunha materia do Departamento de Filosofía. Dito plan realizarase en coordinación co alumando e contempla os seguintes elementos:

**1)** Reunións informativas co alumnado para indicarlle as datas das probas, criterios, procedementos e instrumentos de avaliación, contidos mínimos esixibles, forma das probas, modelo e cuantificación.

**2)** Traballo na comprensión dos contidos e reforzo da mesma con materiais adecuados ás necesidades do alumnado

**3)** Información, previsión e preparación de probas parciais a realizar conforme ás directrices do calendario oficial de recuperación previsto para pendentes.

**4)** Establecemento de 4 horas trimestrais para seguimento individual e grupal e apoio para a superación dos contidos mínimos esixibles;

**5)** Levarase a cabo a implementación de medidas para a atención á diversidade que remiten a aspectos como a flexibilidade na duración das probas ou ao formato dos apuntamentos.

## 7.3.INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Comezamos indicando que o deseño proposto de **Avaliación inicial** en calquera das materias do departamento terá o seguinte formato:

**1)** Un comentario de texto breve;

**2)** dúas cuestións breves sobre o mesmo texto.

Tanto o texto como as preguntas variarán conforme ó curso no que se realice, é dicir, non será o mesmo para a ESO que para o Bacharelato e para a súa avaliación, ó igual que para o resto de probas escritas, se empregarán as rúbricas de avaliación correspondentes. Adxúntase a continuación o modelo empregado neste curso 22-23 en 1º de Bacharelato.

| PROBA DE AVALIACIÓN INICIAL | | |
|---|---|---|
| **PROBA ESCRITA DE HISTORIA DA FILOSOFÍA 1º BACHARELATO**<br>**NOME E APELIDOS:** | **CURSO 2021/2022**<br>**NOTA CUALITATIVA:** | **DATA:** |

**Estándares e competencias asociadas: B1.1.1. (CCL), B1.1.2. (CAA, CCL), B1.1.3. (CAA, CCL), B1.2.1. (CCL, CSIEE)**

**1. Comenta o fragmento e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión seguinte:**

**¿Que é a filosofía?**

Que a filosofía non é una ciencia productiva é evidente xa polos primeiros que filosofaron. Pois os homes comezan sempre a filosofar movidos pola admiración; ao principio admirados ante os fenómenos sorprendentes máis comúns; logo avanzando pouco a pouco e considerando problemas maiores, como os cambios da lúa e os relativos ao Sol e ás estrelas, e a xeración do universo. Pero o que considera un problema ou se admira, recoñece a súa ignorancia. De sorte que, se filosofaron para fuxir da ignorancia, é claro que buscaban o saber o saber en vista do coñecemento, e non por algunha utilidade. E así o testemuña o acontecido. Pois esta disciplina comezou a buscarse cando xa existían case tódalas cousas necesarias e as relativas ao descanso e ao ornato da vida. É, pois, evidente que non a buscamos por ningunha outra utilidade, senón que, así como lle chamamos home libre ao que é para si mesmo e non para outro, así consideramos esta como a única ciencia libre, pois esta soa é para si mesma. [...] Así, pois, todas as ciencias son máis necesarias ca esta; pero mellor, ningunha.

ARISTÓTELES, Metafísica, 982b-983a.

**2. Responde brevemente ás dúas seguintes cuestións: a)** Que significa que a filosofía non é produtiva, senón teórica?**; b)** Que quere dicir a frase final: “todas a ciencias son máis necesarias ca esta; pero mellor, ningunha”?

O deseño de avaliación inicial incorpora, ademáis, a seguinte ferramenta coa que anotar aqueles aspectos significativos dende os que tomar deicisións pertinentes respecto ó alumnado.

| AVALIACIÓN INICIAL GRUPAL E DE AULA | |
|---|---|
| | Datos e observacións |
| **1.- Número de alumnos do grupo.** | |
| **2.-Funcionamento do grupo e disciplina.** | |
| **3.- Carencias competenciais grupais.** | |
| **4.-Dispoñibilidade de recursos multimedia na aula.** | |
| **AVALIACIÓN INICIAL INDIVIDUAL** | |
| | Datos e observacións |
| **1.- Nivel académico e hábitos de estudo.** | |
| **2.- Comportamento en experiencias previas en tarefas e traballos colaborativos.** | |
| **3.- Necesidades educativas especiais e trastornos da aprendizaxe.** | |

Empregaranse, ademais, **5 instrumentos de avaliación** nas materias do departamento: **proba escrita, debate, comentarios de texto, webquest e traballo de investigación**. O peso destes instrumentos na cualificación variará entre as materias e estará suxeito ó criterio d@s docentes encargad@s de impartilas. Estas apreciacións fanse con carácter xeral e co obxectivo de dar cobertura ás necesidades de atención á diversidade, podendo darse o caso de que non tódol@s docentes empreguen os 5 instrumentos nas súas materias.

### 1) Proba escrita.

Realizaranse diversas **probas escritas** en cada unha das materias, procurando axustarse ó **modelo ABAU ó máximo posible**, polo que terá 2 partes:

**- 1ª parte.** A cualificación máxima será de **6 ptos**: **3 para o comentario** e **3 para a cuestión** proposta. Valorarase fundamentalmente a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e a estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía, por exemplo). E o mesmo respecto á avaliación da cuestión teórica, que se fará en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición.

**- 2ª parte.** A cualificación máxima será de **4 ptos**. A avaliación da **cuestión teórica** se fará en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén se terá en conta a corrección expresiva e gramatical.

### 2) Comentarios de textos filosóficos e posta en común

En tódalas materias do departamento realizaranse diversos comentarios de texto, que combinarán unha parte de **traballo individual** que consiste na comprensión e análise do mesmo, pero tamén de **traballo en grupo**. Este segundo aspecto refírese á posta en común que realizará o alumnado na **aula virtual** ou na aula de xeito **presencial**.

### 3) Webquest.

Trátase dunha actividade enfocada á investigación. É una **exploración dirixida**, que culmina coa produción dun documento dixital onde se publica o resultado da procura. Será un instrumento integrado na realización dunha tarefa onde se fará uso de outro instrumento de avaliación: o debate.

### 4) Debate.

En tanto que o diálogo e argumentación racional son elementos transversais dentro do currículo, o debate será unha constante, tanto informal, como formal e pautado, xa que se empregará como elemento motivador principal. A idea guía central á hora de plantexar os distintos debates será levar as UDs á **cotidianidade do alumnado**, polo que se buscará adecuar as temáticas a aqueles acontecementos ou novas que con maior proximidade afecten ó alumnado. A webquest servirá como ferramenta de preparación do debate que

se empregue como instrumento de avaliación e que se realizará en **combinación entre a aula e a aula virtual**.

### 5) Traballo de investigación.

En cada unha das materias levaranse a cabo un proxectos de investigación por parte do alumnado nos que se indagará sobre cuestións, relativas a autor@s ou a cuestión filosóficas, elexidas polo propio alumnado de entre as **propostas** que conforman un elenco elaborado entre o profesor e o alumnado. Polo tanto, unha primeira parte do traballo de investigación consistirá sempre na reflexión sobre as cuestións que poderían **enriquecelos distintos temas traballados**. Posteriormente levarase a cabo a investigación, servíndose das pautas e **ferramentas dixitais** indicadas. Terán carácter prioritario as cuestións de xérnero, de forma que se traballe no fomento da inclusividade e da igualdade entre tódolos seres humano.

## 7.4. CUALIFICACIÓN.

A continuación recollense os **criterios de cualificación que serán comúns** a tódalas materias do departamento de Filosofía:

- **A cualificación dunha avaliación** será resultado da **media aritmética** da cualificación acadada entre as **UDs** que se traballarán por avaliación, sendo o **5 sobre 10 o mínimo para aprobala**.
- **A cualificación de cada UD** resultará da **suma dos resultados acadados en cada estándar propio** da UD que iremos recollendo en cada instrumento. **A unidade está aprobada cando a suma dos pesos dos estándares acada, como mínimo, un 5**, é dicir, o 50% da suma dos estándares avaliados, sen que sexa necesario ter que superalos todos.
- **A cualificación final** do curso será a **media aritmética das 3 avaliacións**. A nota final será a media aritmética das notas das tres avaliacións, tendo en conta que o cálculo da media do curso farase coa nota real (coas décimas obtidas) e non coa nota oficial (os números enteiros). En canto ás cualificacións, cabe apuntar que só a partir das **5 décimas**, se transforma a nota no número enteiro seguinte. **O mínimo para aprobar será o 5 sobre 10**.

- Para poder facer esta media final e superar as materias deberanse superar tódalas unidades. Se fose preciso, o sistema de recuperación de cada avaliación suspensa ó longo do curso constará dunha proba oral ou escrita de semellantes características e contidos que os apuntados para as probas ordinarias. A nota da recuperación virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados. A este respecto, cabe realizar as seguintes puntualizacións:
  - Haberá unha recuperación ordinaria para cada avaliación suspensa ou para subir nota (neste último caso sempre se porá a nota desta recuperación).
  - Contemplarase a posibilidade de realización dunha recuperación ordinaria para cada proba, procedemento e instrumento, sempre seguindo a máxima de favorecer ó alumnado no máximo posible.

### 7.5. REXISTRO E OBSERVACIÓN

Rematamos a sección adicada á avaliación indicando que todo instrumento de avaliación integra unha rúbrica de avaliación coa que se fará a medición do nivel de adquisición das competencias traballadas. Versarán sobre os estándares de aprendizaxe que se explicitaron previamente e incorporarán elementos cuantitivos e cuantitativos que facilitarán a observación do perfil competencial do alumnado.

## 8. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN E AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Efectuarase unha actualización periódica da programación que facilite a adecuación ás necesidades do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para facelo de xeito razoado e favorecer a operatividade da actualización teranse en conta os seguintes parámetros:

**1)** Periodicidade coa que se revisará: Trimestral (Xaneiro, marzo, maio). Esto será o mínimo, podendo ser preciso facelo cunha frecuencia maior.

**2)** Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista

**3)** Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Terase en conta o dictum de efectuar unha labor docente baseada na reflexión, polo que se atende á necesidade de pensar no modo no que se deu o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Recóllense a continuación, por iste motivo, unha serie de rúbricas coas que orientar a actualización da programación e a avaliación da labor docente. Ditas rúbricas, serán empregadas **en cada unidade e ó final de curso**. Deste xeito poderemos dar conta das múltiples necesidades de adaptación, asemade de favorecer a elaboración da memoria de fin de curso da materia, a aportación á memoria do Departamento e o Plan de Mellora do curso seguinte.

| **Valoración de aspectos xerais da práctica docente** | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **1.** | Número de alumnos dos grupos | | | | | |
| **2.** | Diversidade do alumnado | | | | | |
| **3.** | Interese do alumno pola materia | | | | | |
| **4.** | Cantidade de actividades extraescolares realizadas | | | | | |
| **5.** | Titorías | | | | | |
| **6.** | Comportamento dos grupos | | | | | |
| **7.** | Titorías dos grupos | | | | | |
| **8.** | Decisión da Comisión de Coordinación Pedagóxica | | | | | |
| **9.** | Plan de Atención á Diversidade do Centro | | | | | |
| **10** | Relacións cos compañeiros de Departamento | | | | | |
| **11** | Coordinación co Departamento de Orientación | | | | | |
| **12** | Atención aos itinerarios educativos | | | | | |
| **13** | Fomento da participación do alumnado | | | | | |
| **14** | Levar a cabo a programación prevista | | | | | |
| **15** | Informar a cada grupo dos elementos da programación | | | | | |
| **16** | Perdas de tempo por falta de previsión ou planificación | | | | | |
| **17** | Uso da reflexión na toma de decisións | | | | | |

| **Relacións profesor-alumnado** | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **1.** | Actitude dialogante e respectuosa con todo o alumnado | | | | | |
| **2.** | Actitude receptiva ás demandas e preocupacións do alumnado | | | | | |
| **3.** | Contar cos seus intereses e necesidades | | | | | |
| **4.** | Fomentar boas relación de traballo | | | | | |
| **5.** | Fomentar o traballo en grupo | | | | | |
| **6.** | Fomentar a educación en valores | | | | | |
| **7.** | Preocuparse por formar e non so informar | | | | | |
| **8.** | Ser consciente da función docente como modelo e como transmisor de valores | | | | | |
| **9.** | Intentar que as clases foran interesantes para o alumnado | | | | | |
| **10** | Motivar ao alumnado a traballar sobre a materia | | | | | |
| **11** | Promover unha actitude crítica construtiva e reflexiva | | | | | |

| **Aspectos formativos** | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **1.** | Coñezo as últimas novidades en relación coas materias que imparto | | | | | |
| **2.** | Coñezo a realidade nacional e internacional para as materias | | | | | |
| **3.** | Realizo con frecuencia actividades de formación científico-didáctica | | | | | |
| **4.** | Comprendo a utilidade dos últimos cursos de actualización | | | | | |
| **5.** | Coordínome en aspectos formativos con outros profesores | | | | | |
| **6.** | Colaborei co Departamento de Orientación | | | | | |
| **7.** | Percibo necesidades de formación nas materias que imparto | | | | | |
| **8.** | Preocúpome pola innovación educativa | | | | | |

| | Aspectos metodolóxicos | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **1.** | Preparei as clases con tempo suficiente | | | | | |
| **2.** | Din a coñecer ao alumnado o principal e o accesorio | | | | | |
| **3.** | Elaborei as UDs das materias | | | | | |
| **4.** | Utilicei a metodoloxía establecida na unidade didáctica | | | | | |
| **5.** | Axustei a miña práctica docente ás necesidades do alumnado | | | | | |
| **6.** | Empreguei unha metodoloxía variada | | | | | |
| **7.** | Propuxen actividades de distintos tipos | | | | | |
| **8.** | As actividades propostas adaptáronse á tipoloxía do alumnado | | | | | |
| **9.** | Preparei actividades de ampliación | | | | | |
| **10.** | Realicei un seguimento persoal do alumnado | | | | | |

| | Utilización de materiais e recursos didácticos | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **1.** | | | | | | |
| **2.** | Aportei ás clases materiais complementarios e actualizados | | | | | |
| **3.** | Empreguei materiais variados sen limitarme ao libro de texto | | | | | |
| **4.** | Recomende ao alumnado bibliografía complementaria | | | | | |
| **5.** | Utilicei as TICs nas clases | | | | | |
| **6.** | Tratáronse unha variedade ampla de textos | | | | | |
| **7.** | Empreguei follas de cálculo | | | | | |
| **8.** | Empreguei presentacións para as exposicións | | | | | |

| | Actividade avaliadora | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **1.** | Coñezo as diferentes modalidades de avaliación | | | | | |
| **2.** | Din a coñecer os criterios de avalación ao inicio do curso | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **3.** | Informei ao alumnado sobre os procedementos de avialiación | | | | | |
| **4.** | Realicei unha avaliación conforme ós criterios indicados | | | | | |
| **5.** | Concibo a avaliación como un proceso | | | | | |
| **6.** | Realicei unha avialiación formativa ao longo do curso | | | | | |
| **7.** | Avaliei a adquisición das competencias | | | | | |
| **8.** | Non me limitei so a cualificar | | | | | |
| **9.** | Para establecer a cualificación tiven en conta os criterios de cualificación da programación | | | | | |
| **10** | Os procedementos e instrumentos foron os adecuados | | | | | |

# 9. VALORES ÉTICOS

## 2º ESO

**1º. Temporalización:**

1ª AVALIACIÓN: Bloques 1 e 2.

2ª AVALIACIÓN: Bloques 3 e 4.

3ª AVALIACIÓN: Bloques 5 e 6.

### 2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia:

| Valores éticos. 2º de ESO | | |
|---|---|---|
| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| Bloque 1. A dignidade da persoa | | |
| ▪ B1.1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía. | ▪ B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre. | ▪ VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as. |
| Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais | | |

| | | |
|---|---|---|
| ▪ B2.1. Diferenzas entre ética e dereito.<br>▪ B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública. | ▪ B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social. | ▪ VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática. |
| | | ▪ VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente. |
| Bloque 3. A reflexión ética | | |
| ▪ B3.1. Diferenza entre ética e moral.<br>▪ B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta. | ▪ B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización. | ▪ VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade. |
| | | ▪ VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta. |
| ▪ B3.3. Estrutura moral da persoa.<br>▪ B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Köhlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral. | ▪ B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento. | ▪ VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta. |
| | | ▪ VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral. |
| ▪ B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa. | ▪ B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación. | ▪ VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral. |
| ▪ B3.6. Características distintivas dos valores éticos. | ▪ B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na | ▪ VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria. |

| | | |
|---|---|---|
| ▪ B3.7. Valores éticos e dignidade humana. | vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos. | ▪ VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social. |
| ▪ B3.8.Normas.Especificidad e das normas éticas. | ▪ B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas. | ▪ VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc. |
| | | ▪ VEB3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas. |
| | | ▪ VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto. |
| | | ▪ VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada. |
| Bloque 4. A xustiza e a política | | |
| ▪ B4.1. Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico.<br>▪ B4.2. Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e valores cívicos. | ▪ B4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles. | ▪ VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza. |
| | | ▪ VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles. |
| ▪ B4.3. A política de Aristóteles.<br>▪ B4.4. Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade. | ▪ B4.2. Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo. | ▪ VEB4.2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado. |
| | | ▪ VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas. |
| Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos | | |

| | | |
|---|---|---|
| ▪ B5.1. Relacións entre ética e dereito. | ▪ B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións. | ▪ VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito. |
| Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía | | |
| ▪ B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana.<br>▪ B6.2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica. | ▪ B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH. | ▪ VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.). |
| | | ▪ VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo. |
| | | ▪ VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente. |
| ▪ B6.3. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía. | ▪ B6.3. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía. | ▪ VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxénese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais. |
| | | ▪ VEB6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas. |

## 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

A materia explicarase proporcionando aos alumnos textos escritos, que serán explicados en clase, co fin de traballalos e solucionar as posibles dúbidas, así como facer as actividades pertinentes.

En cada avaliación realizaranse múltiples tarefas seguindo os principios recollidos no punto 7.3. e a nota media destes instrumentos de avaliación será a

nota desa avaliación. Se algún alumno non supera ditas probas, a final de curso, terá unha recuperación da materia explicada.

**4ºCriterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

Para establecer a nota de cada avaliación terase en conta a participación e o interese do alumno no ritmo da clase, a súa actitude, a realización de traballos, etc. O procedemento que se seguirá para establecer a nota é o seguinte:

- Caderno de clase, traballos individuais ou en grupo, participación e actitude: 100 % (da nota de avaliación).

NOTA: Na cualificación dos exames, actividades, traballos e probas escritas terase en conta a corrección ortográfica e gramatical. Poderase restar ata 2 puntos por erros nestes aspectos.

## 4º ESO

**1º Temporalización.**

1ª. AVALIACIÓN: Bloque 1.

2ª AVALIACIÓN: Bloque 2.

3ª AVALIACIÓN: Bloque 3 e 4.

**2º Grao mínimo de consecución para superar a materia.**

| Valores éticos. 4º de ESO | | |
|---|---|---|
| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| Bloque 1. A dignidade da persoa | | |
| ▪ B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.<br>▪ B1.2. Atributos | ▪ B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, | ▪ VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.<br>▪ VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade. |

| | | |
|---|---|---|
| esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade.<br>▪ B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc. | subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal. | ▪ VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc. |
| Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais | | |
| ▪ B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar. | ▪ B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven. | ▪ VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos. |
| | | ▪ VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar. |
| | | ▪ VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresalientes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado. |
| ▪ B2.2. Fenómeno da socialización global.<br>▪ B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais.<br>▪ B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos. | ▪ B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema. | ▪ VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc. |
| | | ▪ VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema. |
| | | ▪ VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual. |
| | | ▪ VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás. |
| Bloque 3. A reflexión ética | | |

| | | |
|---|---|---|
| ▪ B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH.<br>▪ B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc. | ▪ B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfronta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos. | ▪ VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa. |
| | | ▪ VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.). |
| ▪ B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía. | ▪ B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia. | ▪ VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a. |
| ▪ B3.4. Éticas formais e éticas materiais.<br>▪ B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental. | ▪ B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental. | ▪ VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais. |
| | | ▪ VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal. |
| | | ▪ VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións. |
| ▪ B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. | ▪ B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética | ▪ VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant. |

| | | |
|---|---|---|
| Relación coa ética de Kant. | formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas. | ▪ VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas. |
| Bloque 4. A xustiza e a política | | |
| ▪ B4.1. Democracia e xustiza.<br>▪ B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos. | ▪ B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social. | ▪ VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.). |
| ▪ B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos.<br>▪ B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos. | ▪ B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa. | ▪ VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).<br>▪ VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.). |

## 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

A materia explicarase proporcionando aos alumnos textos escritos, que serán explicados en clase, co fin de traballalos e solucionar as posibles dúbidas, así como facer as actividades pertinentes.

En cada avaliación realizaranse múltiples tarefas seguindo os principios recollidos no punto 7.3. e a nota media destes instrumentos de avaliación será a

nota desa avaliación. Se algún alumno non supera ditas probas, a final de curso, terá unha recuperación da materia explicada.

**4ºCriterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

Para establecer a nota de cada avaliación terase en conta a participación e o interese do alumno no ritmo da clase, a súa actitude, a realización de traballos, etc. O procedemento que se seguirá para establecer a nota é o seguinte:

- Caderno de clase, traballos individuais ou en grupo, participación e actitude: 100 % (da nota de avaliación).

NOTA: Na cualificación dos exames, actividades, traballos e probas escritas terase en conta a corrección ortográfica e gramatical. Poderase restar ata 2 puntos por erros nestes aspectos.

## 10. FILOSOFÍA 4º DA ESO

**1º. Temporalización.**

1ª AVALIACIÓN: Bloques 1 e 2.

- Tema 1. O saber filosófico.-
- Tema 2. Que son eu?

2ª AVALIACIÓN: Bloques 3 e 4.

- Tema 3. Individuo, sociedade e cultura.-
- Tema 4. A busca da verdade.

3ª AVALIACIÓN: Bloques 5 e 6.

- Tema 5: Realidade e metafísica.
- Tema 6: La liberdade humana.
-

**2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia**

Bloque 1. A filosofía

| CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|
| ▪ B1.1. Comprender o que é a reflexión filosófica, diferenciándoa doutros tipos de saberes que estudan aspectos concretos da realidade e do individuo. | ▪ FIB1.1.1. Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia ou prexuízo, e elabora un glosario con eles. |

| | |
|---|---|
| | ▪ FIB1.1.2. Distingue entre, coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir e crear. |
| ▪ B1.2. Recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica. | ▪ FIB1.2.1. Diserta sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades. |

Bloque 2. Identidade persoal

| | |
|---|---|
| ▪ B2.1. Comprender a profundidade da pregunta "quen son?", coñecendo algunhas respostas dadas desde a psicoloxía e a filosofía, reflexionar e valorar a importancia de coñecerse a si mesmo/a, e expresalo por escrito. | ▪ FIB2.1.1. Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos. |
| ▪ B2.2. Definir o que é a personalidade, así como os principais conceptos relacionados con ela. | ▪ FIB2.2.1. Define e caracteriza o que é a personalidade. |
| ▪ B2.3. Analizar que se entende por inconsciente no marco do pensamento da psicanálise. | ▪ FIB2.3.1. Analiza que se entende por inconsciente. |
| ▪ B2.4. Reflexionar por escrito e dialogar en grupo sobre a posible incidencia que a herdanza xenética e o adquirido teñen na formación da personalidade. | ▪ FIB2.4.1. Le e analiza textos filosóficos, literarios ou científicos cuxo punto de reflexión sexa a herdanza adquirida na formación da personalidade, incidindo no autocoñecemento. |
| ▪ B2.5. Identificar a función e a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana nas súas múltiples dimensións. | ▪ FIB2.5.1. Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración. |
| ▪ B2.6. Coñecer a condición afectiva do ser humano, distinguindo entre impulsos, emocións e sentimentos, e recoñecendo o papel do corpo na posibilidade de manifestación do afectivo. | ▪ FIB2.6.1. Analiza e argumenta sobre textos breves e significativos de autores salientables sobre as emocións, e argumenta por escrito as propias opinións. |

Bloque 3. Socialización

| | |
|---|---|
| ▪ B3.1. Recoñecer a dimensión social e cultural do ser humano, identificando e distinguindo os conceptos de cultura e de sociedade. | ▪ FIB3.1.1. Define e explica o significado dos conceptos de cultura e de sociedade, facendo referencia aos compoñentes socioculturais que hai no ser humano. |
| ▪ B3.2. Coñecer os elementos do proceso de socialización e relacionalos coa propia personalidade. | ▪ FIB3.2.1. Describe a socialización primaria e secundaria. |
| ▪ B3.3. Reflexionar e indagar sobre o relativismo cultural e o etnocentrismo. | ▪ FIB3.3.1. Coñece o relativismo cultural e o etnocentrismo, e reflexiona sobre eles, expresando conclusións propias e |
| | achegando exemplos con feitos investigados e contrastados en internet. |

Bloque 4. Pensamento

| | |
|---|---|
| ▪ B4.1. Distinguir a racionalidade teórica da racionalidade práctica, así como teoría e experiencia. | ▪ FIB4.1.1. Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica. |

| | |
|---|---|
| ▪ B4.2. Coñecer a concepción contemporánea sobre a intelixencia, incidindo na teoría da intelixencia emocional de Daniel Goleman. | ▪ FIB4.2.1. Explica as teses centrais da teoría da intelixencia emocional. |
| | ▪ FIB4.2.2. Argumenta sobre a relación entre a razón e as emocións. |

Bloque 5. Realidade e metafísica

| | |
|---|---|
| ▪ B5.1. Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical". | ▪ FIB5.1.1. Define e utiliza conceptos como metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo. |
| | ▪ FIB5.1.2. Define o que é a metafísica, o seu obxecto de coñecemento e o seu modo característico de preguntar sobre a realidade. |
| ▪ B5.2. Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas da vida, e disertar razoadamente sobre a vida ou a morte, ou o devir histórico, ou o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas. | ▪ FIB5.2.1. Coñece as teses centrais do vitalismo de filósofos/ as que reflexionan sobre a vida. |
| | ▪ FIB5.2.2. Analiza textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade, e expón as súas propias reflexións ao respecto. |

Bloque 6. Transformación

| | |
|---|---|
| ▪ B6.1. Comprender o que é o libre albedrío ou a liberdade interior, en relación coa posibilidade de autodeterminación dun mesmo e coa facultade da vontade. | ▪ FIB6.1.1. Explica o que é o libre albedrío e a facultade humana da vontade. |
| ▪ B6.2. Reflexionar e argumentar sobre a relación entre a liberdade interior e a liberdade social e política. | ▪ FIB6.2.1. Expón as súas reflexións sobre a posibilidade de que exista ou non o libre albedrío, tendo en conta os avances no coñecemento da xenética e a neurociencia. |
| ▪ B6.3. Coñecer a existencia de determinismo na natureza, analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre, tendo en conta que é un ser natural e, en canto tal, sometido ás leis da natureza. | ▪ FIB6.3.1. Argumenta sobre as posibilidades do ser humano de actuar libremente, tendo en conta que é un ser natural. |

### 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

A materia explicarase proporcionando aos alumnos textos escritos, que serán explicados en clase, co fin de traballalos e solucionar as posibles dúbidas, así como facer as actividades pertinentes.

En cada avaliación realizaranse múltiples tarefas seguindo os principios recollidos no punto 7.3. e a nota media destes instrumentos de avaliación será a nota desa avaliación. Se algún alumno non supera ditas probas, a final de curso, terá unha recuperación da materia explicada.

**4ºCriterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

Para establecer a nota de cada avaliación terase en conta a participación e o interese do alumno no ritmo da clase, a súa actitude, a realización de traballos, etc. O procedemento que se seguirá para establecer a nota é o seguinte:

- Caderno de clase, traballos individuais ou en grupo, participación e actitude: 100 % (da nota de avaliación).

NOTA: Na cualificación dos exames, actividades, traballos e probas escritas terase en conta a corrección ortográfica e gramatical. Poderase restar ata 2 puntos por erros nestes aspectos.

## 11. HISTORIA DA FILOSOFÍA

**1º. Temporalización**

1ª AVALIACIÓN: Bloques 2 e 3.

- Tema 1. A orixe do cosmos na corrente presocrática.
- Tema 2. Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.
- Tema 3. Realidade e coñecemento en Platón.
- Tema 4. Platón: antropoloxía e política.
- Tema 5. Física e metafísica en Aristóteles.
- Tema 6. Ética e política en Aristóteles.
- Tema 7. O problema razón/fe na filosofía medieval.

2ª AVALIACIÓN: Bloque 4.

- Tema 8. Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito.
- Tema 9. O liberalismo político de Locke.
- Tema 10. Hume: crítica das ideas de sustancia e causalidade.
- Tema 11. Razón e progreso na Ilustración.
- Tema 12. Os límites do coñecemento en Kant.
- Tema 13. A lei moral en Kant.

3ª AVALIACIÓN: Bloque 5

- Tema 14. Alienación e ideoloxía en Marx.
- Tema 15. Nietzsche: crítica da cultura occidental.

- Tema 16. Ortega y Gasset: a razón vital.

**2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.**

| Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|
| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| Bloque 1. Contidos transversais | | |
| ▪ B1.1. Comentario de texto. ▪ B1.2. Diálogo filosófico e argumentación. | ▪ B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas. | ▪ HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas. |
| | | ▪ HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas. |
| | | ▪ HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados. |
| ▪ B1.2. Diálogo filosófico e argumentación. | ▪ B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes. | ▪ HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito. |
| | | ▪ HFB1.2.2. Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos comúns. |
| ▪ B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da filosofía. | ▪ B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos. | ▪ HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política. |

| | | |
|---|---|---|
| | | ▪ HFB1.3.2. Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organízaos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía do autor, e aplícaos con rigor. |
| | | ▪ HFB1.3.3. Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e recoñece as fontes fiables. |
| | | ▪ HFB1.3.4. Realiza redaccións ou disertacións, traballos de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados na historia da filosofía. |
| ▪ B1.4. Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da filosofía. | ▪ B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na realización e na exposición dos traballos de investigación filosófica. | ▪ HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diapositivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos. |
| | | ▪ HFB1.4.2. Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación, e decide os conceptos adecuados. |
| | | ▪ HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación. |
| Bloque 2. A filosofía na Grecia antiga | | |
| ▪ B2.1. Orixe da filosofía grega. Os presocráticos: resposta á orixe do cosmos.<br>▪ B2.2. Dialéctica socrática.<br>▪ B2.3. Convencionalismo democrático e relativismo dos sofistas<br>▪ B2.4. Platón: ontoloxía e coñecemento; concepción dualista do ser humano; dimensión antropolóxica e política da virtude; o autor e o seu contexto. | ▪ B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso. | ▪ HFB2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos con rigor. |
| | | ▪ HFB2.1.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión |

| | | |
|---|---|---|
| | | antropolóxica e política da virtude. |
| | | ▪ HFB2.1.3. Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón. |
| | | ▪ HFB2.1.4. Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación. |
| ▪ B2.5. A física de Demócrito. | ▪ B2.2. Entender o sistema teleolóxico de | ▪ HFB2.2.1. Utiliza con rigor conceptos |
| ▪ B2.6. Problemas da filosofía antiga e solución de Aristóteles.<br>▪ B2.7. Aristóteles: metafísica, física, coñecemento, ética eudemonista e política. Comparación coa filosofía platónica. O autor e o seu contexto. | Aristóteles, en relación co pensamento de Platón e a física de Demócrito, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e cos cambios socioculturais da Grecia antiga. | do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade e virtude, entre outros. |
| | | ▪ HFB2.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética eudemonística e a política, en comparación coas teorías de Platón. |
| | | ▪ HFB2.2.3. Describe as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filosofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achegadas por Aristóteles. |

| | | |
|---|---|---|
| | | ▪ HFB2.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións. |
| ▪ B2.8. Doutrinas éticas helenísticas: Epicureísmo, Estoicismo e<br>▪ Escepticismo.<br>▪ B2.9. Científicos helenísticos.<br>B2.10. A Biblioteca de Alexandría. | ▪ B2.3. Coñecer as escolas éticas xurdidas no helenismo, como o Epicureísmo, o Estoicismo e o Escepticismo, valorar o seu papel no contexto socio-histórico e cultural da época, e recoñecer a repercusión dos grandes científicos helenísticos, apreciando a gran importancia para occidente da Biblioteca de Alexandría. | ▪ HFB2.3.1. Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina. |
| Bloque 3. A filosofía medieval | | |
| ▪ B3.1. Cristianismo e filosofía. Agostiño de Hipona: teoría da iluminación, filosofía da historia, o problema da certeza e a defensa da liberdade. | ▪ B3.1. Explicar a orixe do pensamento cristián e o seu encontro coa filosofía a través das ideas fundamentais de Agostiño de Hipona, apreciando a súa defensa da liberdade, da verdade e do coñecemento interior ou a historia. | ▪ HFB3.1.1. Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona. |
| ▪ B3.2. Escolástica medieval. Tomé de Aquino: relacións de razón e fe. Vías para a demostración da existencia de Deus. Lei moral. Relación coa filosofía antiga e coa agostiniana, a xudía e o nominalismo. O autor e o seu contexto. | ▪ B3.2. Coñecer a síntese de Tomé de Aquino, en relación co agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Media. | ▪ HFB3.2.1. Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva e precepto, entre outros, e aplícaos con rigor. |
| | | ▪ HFB3.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Tomé de Aquino, |
| | | distinguindo a relación entre fe e razón, as vías de demostración da existencia de Deus, e a lei moral, en comparación coas teorías da filosofía Antiga. |
| | | ▪ HFB3.2.3. Discrimina as respostas do agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, identificando os problemas da filosofía medieval, en relación coas solucións achegadas por Tomé de Aquino. |

| | | |
|---|---|---|
| | | ▪ HFB3.2.4. Valora o esforzo da filosofía de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os ao cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a universalidade da lei moral. |
| ▪ B3.4. Crise da Escolástica no século XIV: nominalismo de Guillerme de Ockham. Relacións entre razón e fe. Novo pulo para a ciencia. | ▪ B3.3. Coñecer algunha das teorías centrais do pensamento de Guillerme de Ockham, cuxa reflexión crítica supuxo a separación entre razón e fe, a independencia da filosofía e o novo pulo para a ciencia. | ▪ HFB3.3.1. Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillerme de Ockham e a súa importancia para a entrada na modernidade. |
| Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración | | |
| ▪ B4.1. A filosofía no Renacemento. Humanismo: novo concepto sobre a natureza humana.<br>▪ B4.2. F. Bacon. Os prexuízos na investigación do coñecemento.<br>▪ B4.3. Implicacións da revolución científica.<br>▪ B4.4. Realismo político de Maquiavelo. | ▪ B4.1. Comprender a importancia do xiro do pensamento occidental que se deu no Renacemento e que anticipa a modernidade, valorando o novo humanismo que enxalza a "dignitas hominis", a investigación dos prexuízos do coñecemento de F. Bacon e as implicacións da Revolución Científica, e coñecer as teses fundamentais do realismo político de N. Maquiavelo. | ▪ HFB4.1.1. Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana. |
| | | ▪ HFB4.1.2. Explica as ideas éticopolíticas fundamentais de N. Maquiavelo e compáraas cos sistemas ético-políticos anteriores. |
| ▪ B4.5. Descartes: O método, o "*cogito*" (coñecemento e realidade) e o dualismo antropolóxico.<br>▪ B4.6. Comparación do autor coa filosofía antiga e medieval, e relación coa Moderna. O autor e o seu contexto. | ▪ B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista e o monismo panteísta de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Moderna. | ▪ HFB4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor. |
| | | ▪ HFB4.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval. |
| | | ▪ HFB4.2.3. Identifica os problemas da filosofía moderna e relaciónaos coas solucións aportadas por Descartes. |

| | | |
|---|---|---|
| | | ▪ HFB4.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Descartes por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana. |
| ▪ B4.7. Hume: o coñecemento, crítica á causalidade e á substancia. Emotivismo moral. Comparación coa filosofía anterior.<br>▪ O autor e o seu contexto<br>B4.8. Locke: liberalismo político. | ▪ B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna. | ▪ HFB4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, inmanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor. |
| | | ▪ HFB4.3.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno. |
| | | ▪ HFB4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaas coas solucións aportadas por Hume. |
| | | ▪ HFB4.3.4. Valora o esforzo da filosofía de Hume por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva. |
| ▪ B4.9. A Ilustración francesa. Rousseau: a crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral. | ▪ B4.4. Coñecer os principais ideais dos ilustrados franceses, afondando no pensamento de J.J. Rousseau, e valorar a importancia do seu pensamento para o xurdimento da democracia mediante unha orde social acorde coa natureza humana. | ▪ HFB4.4.1. Comprende os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral. |

| | | |
|---|---|---|
| ▪ B4.10. Idealismo transcendental. Kant: as facultades e límites do coñecemento.<br>▪ B4.11. Lei Moral e paz perpetua.<br>▪ B4.12. Relación do proxecto ilustrado de Rousseau coa filosofía Moderna e Kant.<br>▪ B4.13. Comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna. | ▪ B4.5. Comprender o idealismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna. | ▪ HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízaos con rigor. |
| | | ▪ HFB4.5.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna. |
| | | ▪ HFB4.5.3. Describe a teoría política de Rousseau, identificando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas solucións achegadas por Kant. |
| | | ▪ HFB4.5.4. Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións |
| Bloque 5. A filosofía contemporánea | | |
| ▪ B5.1. Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a súa visión humanista do individuo.<br>▪ B5.2. Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto. | ▪ B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea. | ▪ HFB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízaos con rigor. |
| | | ▪ HFB5.1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo. |

| | | |
|---|---|---|
| | | ▪ HFB5.1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx. |
| | | ▪ HFB5.1.4. Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social. |
| ▪ B5.3. Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora.<br>▪ B5.4. O superhome, como resultado da inversión de valores e | ▪ B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da | ▪ HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, |
| ▪ a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. O autor e o seu contexto.<br>B5.5. A vontade en Schopenhauer. | Idade Contemporánea. | entre outros, e aplícaos con rigor. |
| | | ▪ HFB5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. |
| | | ▪ HFB5.2.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche. |
| | | ▪ HFB5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade. |

| | | |
|---|---|---|
| ▪ B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto. | ▪ B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España. | ▪ HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros. |
| | | ▪ HFB5.3.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras. |
| | | ▪ HFB5.3.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valorao seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia. |
| ▪ B5.7. Filosofía crítica da escola de Frankfurt. A crítica a razón ilustrada e á idea de progreso.<br>▪ B5.8. Racionalidade dialóxica de | ▪ B5.4. Coñecer as teses fundamentais da crítica da Escola de Frankfurt, analizando a racionalidade dialóxica de Habermas, relacionándoo coa filosofía crítica da Escola de Frankfurt, e | ▪ HFB5.4.1. Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e |
| Habermas: os intereses do coñecemento e a acción comunicativa.<br>▪ B5.9. Contribución de Habermas ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea.<br>▪ B5.10. Pensamento posmoderno: principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexión sobre a súa vixencia actual. | valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. Coñecer as teses máis definitorias do pensamento posmoderno, identificando as teses fundamentais de Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e valorar criticamente a súa repercusión no pensamento filosófico a partir de finais do século XX. | conceptos da filosofía posmoderna, como deconstrución, diferenza, cultura, texto, arte, e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor. |
| | | ▪ HFB5.4.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías da filosofía de Habermas, distinguindo os intereses do coñecemento e a acción comunicativa, e as teorías fundamentais da posmodernidade, analizando a deconstrución da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación. |
| | | ▪ HFB5.4.3. Identifica as respostas da filosofía crítica da escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía contemporánea. |

| | | |
|---|---|---|
| | | ▪ HFB5.4.4. Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza. |
| | | ▪ HFB5.4.5. Coñece as teses características do pensamento posmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras. |
| | | ▪ HFB5.4.6. Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vixencia. |

**3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.**

A materia explicarase proporcionando aos alumnos textos escritos, que serán explicados en clase, co fin de traballalos e solucionar as posibles dúbidas, así como facer as actividades pertinentes.

En cada avaliación realizaranse múltiples tarefas seguindo os principios recollidos no punto 7.3. e a nota media destes instrumentos de avaliación será a nota desa avaliación. Se algún alumno non supera ditas probas, a final de curso, terá unha recuperación da materia explicada.

**4ºCriterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

Para establecer a nota de cada avaliación terase en conta a participación e o interese do alumno no ritmo da clase, a súa actitude, a realización de traballos, etc. O procedemento que se seguirá para establecer a nota é o seguinte:

- Caderno de clase, traballos individuais ou en grupo, participación e actitude: 20 % (da nota de avaliación).
- Proba escrita de avaliación: 80%. Seguiremos o modelo e os criterios de avaliación que propón a CIUGA para a elaboración das ABAU.

NOTA: Na cualificación dos exames, actividades, traballos e probas escritas terase en conta a corrección ortográfica e gramatical. Poderase restar ata 2 puntos por erros nestes aspectos.

## 12. DINAMIZACIÓN DO CENTRO

**DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA** As materias do Departamento de Filosofía ofrecen a posibilidade de crear contextos lingüísticos axeitados para a promoción e estudo da nosa cultura e imaxinario colectivo como un símbolo de identidade, da cal a nosa lingua é un elemento nuclear.

**DINAMIZACIÓN DO PLAN LECTOR** O Plan lector da Biblioteca será un referente en tanto que se fomentará o traballo activo nas actividades programadas dende a biblioteca e se incorporarán as propostas para cada curso a través dos comentarios de texto e do traballo na webquest.

**DINAMIZACIÓN TICS** Dinamización TICs co traballo nos soportes dinámicos das Webquest. Incorpórase como procedemento e instrumento de avaliación da materia o traballo de posta en común dos comentarios de texto e os traballos de investigación neste soporte multimedia.

**DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA** O diálogo e a reflexión como garantía dunha relación axeitada no centro educativo son dúas das aportacións máis destacadas que a materia pode ofrecer neste aspecto. Mediante o contacto directo coas ideas sostidas polos diversos filósofos estudados favorécese o pensamento crítico e a expansion de horizontes morais dende os que os estudantes poden madurar como cidadáns dun mundo plural.

En Porriño, a 15 de sete,bro de 2022.

O Xefe de Departamento,

Francisco Losada Briamonte